



Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	Didáctica da lingua castelán	Código	652G01018	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es	
Profesorado	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=203			
Descrición xeral	<p>Didáctica da lingua castelá (cód. 652G01018) é unha materia obrigatoria do 2º curso dos estudos do Grao en Educación Infantil. En colaboración con Didáctica da lingua galega (cód. 652G01015), contribúe a capacitar o/a futuro/a docente para perseguir e conseguir os obxectivos formativos propios da área de coñecemento «Linguaxes: comunicación e representación», terceira e derradeira das que constitúen o currículo da Educación Infantil.</p> <p>Apenas é necesario ponderar a importancia que a Didáctica da lingua reviste para quen aspira a exercer a profesión docente. Abondará con advertir que é proporcional á que para o/a neno/a encerra o pleno desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas. Nacida como instrumento para a exteriorización das necesidades do organismo, a linguaxe medra no neno ata se transformar en porta de entrada a un mundo intelectual que se superpón ao mundo material en que os seres humanos asentamos os nosos pés. Os humanos non vivimos soamente no universo físico, senón tamén, como dixo o filósofo Ernst Cassirer, nun universo simbólico. O noso medio ambiente non está constituído de xeito exclusivo por obxectos físicos, senón tamén por obxectos culturais ?se así se pode dicir? que «viven» na linguaxe, a aos que só podemos acceder por medio da linguaxe: os costumes, as leis, os mitos, as lendas, os saberes científicos... A non ser pola conquista da palabra, o/a neno/a viviría nun perpetuo desterro, por sempre á marxe de todas esas realidades especificamente humanas (ou, mellor dito, das dimensións especificamente humanas da realidade). O/a docente debe, como é obvio, acompañalo na súa loita; debe ser para el un modelo e un acicate. Ora ben, non pode cumprir ese papel se non está dotado da formación necesaria; de aí que a presenza da glotodidáctica nos estudos de Maxisterio sexa unha necesidade universalmente recoñecida.</p> <p>Logo destas consideracións preliminares (que poderían, de facto, encabezar a guía de calquera materia da área de didáctica da lingua), cabe xa detallar os obxectivos específicos de Didáctica da lingua castelá. A fin de non alongar en exceso a listaxe, sinaláranse soamente tres, cada un dos cales corresponde ?como máis adiante se verá? a un bloque de contido:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Garantir que o alumnado posúe as ferramentas conceptuais necesarias para describir tanto os produtos da actividade verbal (isto é, os textos) como as habilidades que subxacen a toda manifestación de dita actividade (isto é, as competencias «gramatical», «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica»).2. Ofrecer ao alumnado unha vista panorámica do proceso de adquisición da primeira lingua, con atención especial ás fases que se desenvolven entre o nacemento e os tres anos de idade (momento en que adoita producirse a incorporación dos/as nenos/as aos colexios, e que coincide con inicio do segundo ciclo da Educación Infantil).3. Contribuír á preparación do alumnado para o desempeño dos seus futuros labores profesionais. Evidentemente, este obxectivo é común a todas as materias do plan de estudos do Grao, se ben cunha tradución diferente en cada unha delas. No caso de «Didáctica de la Lengua Castellana», o que implica é:<ol style="list-style-type: none">a) Iniciar o alumnado no coñecemento dos obxectivos que, segundo a lexislación sobre a Educación Infantil, corresponden á área de coñecemento «Linguaxes: comunicación e representación» (mellor dito: ao primeiro dos bloques en que tal área se divide, correspondente á chamada linguaxe verbal, é dicir, á linguaxe propiamente dita).b) Iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das estratexias que cabe aplicar con vistas á consecución dos devanditos obxectivos, reparando tamén nos atrancos que poden xurdir durante a súa utilización, e dexergando posibles vías de solución.			



Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir as ferramentas conceptuais necesarias para describir tanto os produtos da actividade verbal (é dicir, os textos) como as habilidades que subxacen a toda manifestación de dita actividade (é dicir, as competencias «gramatical», «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica»).	A42		
	A49		
Coñecer as liñas mestras do proceso de adquisición da primeira lingua, prestando especial atención ás fases que se desenvolven entre o nacemento e os tres anos de idade (momento en que adoita producirse a incorporación dos/as nenos/as aos colexios, e que coincide con inicio do segundo ciclo da Educación Infantil).	A1		
	A2		
	A42		
	A49		
Coñecer os obxectivos que, segundo a lexislación sobre a Educación Infantil, corresponden á área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: ao primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á chamada linguaxe verba).	A42		
	A43		
	A44		
	A46		
	A47		
	A49		
Coñecer algunhas das estratexias que cabe aplicar con vistas á consecución dos obxectivos da área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: do primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á linguaxe verbal), reparando tamén nos atrancos que poden xurdir durante a súa utilización, e dexergando posibles vías de solución.	A42		
	A43		
	A44		
	A46		
	A47		
	A49		
	A50		
	A65		



Ser quen a ler, comprender e resumir textos cuxo contido se relacione con calquera dos apartados do temario.		B10 B12 B19	C1
Ser quen a expoñer (oralmente ou por escrito, e sempre cunha linguaxe correcta, adecuada e precisa) unha opinión informada verbo de calquera das cuestións que se recollen no temario.		B10 B12 B19	C1
Ser quen a utilizar criticamente as diversas fontes de información dispoñibles, dende as máis tradicionais (artigos de prensa ou de revistas científicas, libros de divulgación ou para especialistas, etc.) ata as máis recentes (bibliotecas dixitais, páxinas web institucionais ou de investigadores...)		B10 B11 B12	C3 C6
Decatarse da necesidade de se expresar con propiedade, servíndose da variedade lingüística máis axeitada para cada tipo de situación.	A44 A46	B19	C1
Decatarse de que tódalas linguas son igualmente valiosas como ferramentas para a expresión e a comunicación, de tal xeito que non poden ser xerarquizadas en función das súas propiedades estruturais.		B24	
Decatarse das responsabilidades que o/a docente de Educación Infantil ten verbo do desenvolvemento lingüístico do seu alumnado, e tomar conciencia dos compromisos que implican.		B6 B15	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Mínima introdución á linguaxe e á lingüística	<p>1. 1. Que é a linguaxe?</p> <p>1. 1. 1. Lugar da linguaxe no conxunto dos fenómenos comunicativos</p> <p>1. 1. 2. Dous aspectos da linguaxe: «acto lingüístico» (produción e comprensión das mensaxes verbais) e «saber idiomático» (coñecemento intuitivo do código verbal)</p> <p>1. 1. 3. A organización interna dos códigos verbais: caracteres fundamentais</p> <p>1. 2. Que é falar?</p> <p>1. 2. 1. O acto lingüístico como manifestación do saber idiomático</p> <p>1. 2. 2. O acto lingüístico como superación do saber idiomático: o papel das competencias «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica» na produción e comprensión da fala</p> <p>1. 2. 3. Texto e contexto: cómo as circunstancias que rodean o acto lingüístico inflúen sobre os procesos de elaboración e interpretación das mensaxes</p> <p>1. 3. Qué é a lingüística?</p> <p>1. 3. 1. Obxecto complexo, ciencia complexa</p> <p>1. 3. 2. A lingüística teórica: disciplinas «micro» (Fonoloxía, Gramática, Lexicoloxía) fronte a disciplinas «macro» (Neuro- e Psicolingüística, Socio- e Etnolingüística)</p> <p>1. 3. 3. A Lingüística aplicada</p> <p>1. 3. 4. A Didáctica da lingua: o seu lugar no conxunto das ciencias da linguaxe</p>



<p>2. Os primeiros pasos no camiño cara o dominio da primeira lingua (0-3 anos)</p>	<p>2. 1. Que? Cando? Como? As grandes preguntas no eido dos estudos sobre o desenvolvemento lingüístico do neno</p> <p>2. 2. Feitos xa comprobados:</p> <p>2. 2. 1. A etapa prelingüística (0-9 meses, aprox.)</p> <p>2. 2. 2. A aparición do signo (9-12 meses, aprox.)</p> <p>2. 2. 3. A evolución dos sistema fonemático (a partir dos 12 meses)</p> <p>2. 2. 4. A evolución dos sistemas léxico e gramatical (a partir dos 12 meses)</p> <p>2. 3. Cuestións aínda abertas: a controversia sobre as achegas da herdanza (nature) e da crianza (nurture)</p> <p>2. 3. 1. A aproximación «condutista»: propostas de Charles E. Osgood e Burrhus F. Skinner</p> <p>2. 3. 2. A aproximación «innatista» (ou «nativista») de Noam Chomsky: o que é e o que non é</p> <p>2. 3. 3. Máis aló de Chomsky e de Osgood e Skinner: esterilidade da controversia entre condutismo e innatismo</p> <p>2. 3. 4. Un enfoque diferente: a proposta de Jerome S. Bruner</p>
<p>3. O desenvolvemento das habilidades lingüísticas na escola infantil (3-6 anos)</p>	<p>3. 1. A oralidade</p> <p>3. 1. 1. Caracteres distintivos da comunicación oral</p> <p>3. 1. 2. Valorem os a oralidade nos seus xustos termos: presentación e crítica dos dogmas «normativista» e «espontaneísta»</p> <p>3. 1. 3. A miraxe da «naturalidade»: necesidade de traballar a linguaxe oral nas aulas</p> <p>3. 1. 4. Algunhas pautas e estratexias para o «cultivo» da oralidade na escola infantil</p> <p>3. 2. A lectoescritura</p> <p>3. 1. 1. Caracteres distintivos da comunicación escrita</p> <p>3. 1. 2. Orixe, desenvolvemento e natureza dos sistemas de escrita de carácter alfabético</p> <p>3. 1. 3. O ensino da escrita onte: o conflito entre «métodos analíticos» e «métodos sintéticos».</p> <p>3. 1. 4. O ensino da escrita hoxe: promesas e riscos da «linguaxe integrada»</p> <p>3. 1. 4. Algunhas pautas e estratexias para o «cultivo» da escrita na escola infantil</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	42	63
Obradoiro	21	21	42
Lecturas	0	21	21
Proba obxectiva	2	0	2
Traballos tutelados	0	22	22
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Nas aulas expositivas, o profesor presentará as liñas mestras dos diferentes puntos do temario. Farao, obviamente, por medio da palabra falada, mais tamén botará man (cando semellar conveniente) dos medios audiovisuais que a Facultade pon ao seu dispor. Cando o profesor fale, o alumnado debe adoptar unha actitude atenta e respectuosa, absténdose de interromper ou perturbar a marcha da exposición. O que si pode e debe facer é participar na sesión (con preguntas, con respostas, con conxecturas, etc.) sempre que lle sexa requirido, e mesmo por propia iniciativa.
Obradoiro	Nas aulas interactivas, demandarase a participación do alumnado (individualmente ou en grupos) en actividades de diversa índole: debates, exercicios de solución de problemas, exercicios de comentario de texto, etc. As tarefas que se leven a cabo responderán a unha dupla finalidade: por unha banda, verificar a asimilación das nocións teóricas presentadas nas sesións expositivas; por outra banda, explorar a proxección que tales nocións poidan ter no eido da práctica docente.
Lecturas	O alumnado universitario non debe contentarse con estudar por medio das notas que toma á presas na aula, pois tales documentos adoitan ser pouco satisfactorios no que toca á forma e pouco fiábeis no que toca ao contido. Cómpre que adquira, en troques, o costume de consultar bibliografía científica, isto é, textos de autor coñecido e acreditado, publicados a través de canles que contén con filtros de acceso. Co propósito de contribuír a consolidación deste hábito tan saudábel, dispónse que a preparación dos tres bloques temáticos de que consta a materia pase pola lectura de varios textos (non máis de dous por bloque) nos que se acharán desenvolvidos as correspondentes cuestións de teoría.
Proba obxectiva	Para superar a materia, o alumnado deberá someterse a un exame escrito de tipo test no que deberá acreditar que leu e comprendeu os textos de lectura obrigatoria. Este exame (cuxo peso na cualificación será máis que considerábel) celebrarase en data e hora aprobadas pola Xunta de Facultade e publicitadas a través dos condutos habituais (taboleiros de anuncios e/ou páxina web do centro). Trátase, xa que logo, dun «exame final».
Traballos tutelados	Ademais de tomar parte nas actividades que se leven a cabo nas sesións interactivas, o alumnado deberá realizar un breve traballo que consistirá ben na resolución dun ou varios problemas de carácter teórico ou práctico, ben no comentario crítico dunha fonte documental (de carácter bibliográfico ou audiovisual) que achegue información sobre unha de entre as cuestións recollidas no temario. Antes de que remate o primeiro mes lectivo, forneceranse pautas e directrices para a confección do traballo, que farán referencia a aspectos de contido (tema sobre o que versará o traballo) e de forma (normas de presentación). Cómpre sinalar que axustarse ás instrucións non será unha opción, senón unha obriga cuxo incumprimento terá consecuencias moi graves a efectos de cualificación

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Durante o horario de titorías (que se fará público ao comezar o cuadrimestre), o profesor encontrarase no seu despacho, disposto a responder calquera pregunta verbo dos contidos teóricos da materia, da marcha das sesións interactivas, do proceso de avaliación, etc. Cómpre advertir, porén, que o diálogo co profesor non é unha obriga, senón unha oportunidade que se ofrece ao alumnado. A porta do despacho está aberta, mais son os/as estudantes quen teñen que petar nela, se o estiman conveniente.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	As actividades que se desenvolvan nas sesións interactivas supoñerán un 10% da cualificación da materia; con outras palabras: pola súa realización (e entrega, cando sexan exercicios escritos) caberá obter un punto como máximo. Obviamente, os/as estudantes que se manteñan á marxe destas tarefas (sexan por non asistir ás sesións interactivas, sexan por non levar a cabo os labores que o profesor lles encomende) non poderán acadar unha cualificación final de dez puntos.	10
Proba obxectiva	Esta actividade (que consistirá, como xa se dixo, nun control de lectura) supoñerá un 60% da cualificación da materia; dito doutro xeito: a súa realización achegaralle ao/á estudante un máximo de seis puntos. A fin de evitar malentendidos potencialmente graves, cómpre subliñar que a superación desta proba é condición necesaria para superar a materia. Así pois, quen fique por debaixo dos dous puntos e medio ficará inmediatamente suspenso, con independencia dos resultados que acadase noutras tarefas.	60



Traballos tutelados	Esta actividade (que se realizará de xeito individual) supoñerá un 30% da cualificación da materia, isto é, contribuirá a ela cun máximo de tres puntos. Obviamente, todo aquel traballo no que se detecten plaxios ?mellor dito: no que se detecten un ou máis casos de plaxio? recibirá a cualificación de cero. O/a estudante que o asine só poderá superar a materia se obtén un mínimo de cinco puntos coa proba obxectiva e co labor desenvolvido nas sesións interactivas.	30
---------------------	---	----

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica da lingua estranxeira/652G01026

Literatura infantil e a súa didáctica/652G01024

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Didáctica da lingua galega/652G01015

Observacións



Observacións Malia achárense implícitas no enunciado das competencias da materia, convén poñer por escrito algunhas advertencias ás que debe atender quen queira superala sen atrancos: No estudantado universitario, a corrección e a propiedade na expresión (tanto oral coma, sobre todo, escrita) non son virtudes que merezan eloxio, senón deberes que hai que cumprir. Xa que logo, os erros na grafía das palabras, o desleixo no emprego dos signos de puntuación, a carencia das ferramentas léxicas e gramaticais necesarias para se elevar por riba do estilo conversacional, a incapacidade de artellar textos extensos sen mingua da cohesión e da coherencia, etc., non son simples chatas ante as cales caiba pechar os ollos. Constitúen, pola contra, faltas graves, e deben penalizarse rigorosamente, sen que a maior ou menor «validez» dos «contidos» do texto sexa circunstancia atenuante. Entre as habilidades que un estudante universitario debe adquirir e cultivar, ocupan unha posición destacadísima as de recoller información con bo siso e empregala con honradez: Dicir que o/a estudante debe recoller información bo siso é tanto como dicir que debe recollela crítica e, sobre todo, selectivamente. Entre a morea de fontes de información que ten ao seu dispor grazas a Internet, ten que saber elixir as de augas máis limpas, afastándose dos mananciais avoltos (v. gr., a célebre Wikipedia) e das pozas de augas lamacentas (v. gr., Buenas tareas ou El rincón del vago). Cómprelle tamén, por suposto, ser quen a explorar e utilizar os fondos biblio- e hemerográficos da Biblioteca Universitaria. Dicir que o/a estudante debe empregar información con honradez é tanto como dicir que debe recoñecer de maneira explícita todas as débedas intelectuais que contraía. Quen reproduce palabras alleas está obrigado a indicar onde as atopou e quen as escribiu. A infracción desta norma (con outras palabras: a práctica do plaxio) será obxecto dunha severa penalización: abondará con detectar un caso de corta-e-pega para que o exercicio en cuestión fique automaticamente suspendido (coa cualificación de cero, que é a que obtén o/a estudante a quen se descobre copiando nun exame). Os Estatutos da Universidade da Coruña dispoñen que a asistencia ás aulas é, ante todo, un dereito que se lle recoñece ao estudantado (art. 66). O Estatuto do estudantado inclúe entre os seus deberes, porén, o de «cumprir coa actividade académica específica dos estudos en que se matriculen, participando nas clases, teóricas e prácticas, así como en todas as actividades previstas na programación docente de cada unha das materias» (art. 44; cursivas engadidas). Existe, pois, un conflito normativo. Cando este se resolva, caberá tomar decisións no tocante ao peso da asistencia na avaliación e cualificación das materias. Entrementes, semella razoábel absterse de penalizar as faltas de asistencia (agás, por suposto, nos casos en que se traduzan na non realización de actividades de carácter obrigatorio: exercicios escritos, exposicións orais, exames, etc.). Na primeira sesión do curso fornecerase instrucións para interpretar rectamente os preceptos anteriores, coa fin de que non haxa quen poida chamarse a engano nin alegar descoñecemento. Aclaración O idioma vehicular da materia Didáctica da lingua castelá será, por suposto, o castelán. Se esta guía docente se escribe en galego, é consonte as prescricións do Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, cuxo artigo 2.4 reza: Os centros e departamentos da Universidade da Coruña, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades

institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias, etc., redactaranse en galego.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías